



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## ANUNCIO

### **ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO (4ª MODIFICACIÓN).**

Por Resolución desta Alcaldía nº 229/2024 de data 17 de xullo de 2024 aprobouse a actualización (4ª modificación) da bolsa de emprego para provisións temporais de persoal na categoría de Auxiliar Administrativo.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 17 de xullo de 2024. O ALCALDE Andrés Feal Varela

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO (4º MODIF)**  
**EXPEDIENTE: 2024/G003/000234**

#### **ANTECEDENTES:**

Por Resolución desta Alcaldía núm. 200/2021, de data 18 de xuño de 2021, aprobouse a listaxe de aspirantes (bolsa de emprego) para posibles provisións temporais de persoal na categoría de auxiliar administrativo, elaborada con respecto dos principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade, publicidade, liberdade de concorrencia e non discriminación, de conformidade coa proposta do Tribunal cualificador do proceso selectivo, e realizada segundo as bases reguladoras da convocatoria para a formación e funcionamento da dita bolsa de emprego para coberturas temporais de persoal, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 14 e 21 de abril de 2021 e publicadas no BOP nº 77, do 27 de abril de 2021.

Por Resolución desta Alcaldía núm. 246/2021 do 17 de xullo, acordouse modificar o número de orde na listaxe aprobada do primeiro aspirante, que responde as iniciais A.G.F., durante o período comprendido entre o 24/06/2021 e o 23/06/2022.

Por Resolución desta Alcaldía núm. 362/2022 de 11 de outubro de 2022, acordouse excluír da listaxe, ás persoas aspirantes que responden ás iniciais A.G.F. e F.F.I., pola súa renuncia, e, así mesmo, modificar o número de orde na listaxe aprobada por decreto desta Alcaldía 200/2021, de 18 de xuño, durante o período comprendido entre o 06/09/2022 e o 05/09/2023, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 14 e 21 de abril de 2021 e publicadas no BOP nº 77, do 27 de abril de 2021.

Transcorrido o período indicado na Resolución anterior, en data 19 de xuño de 2024, por Resolución desta Alcaldía núm. 195/2024, acordouse actualizar a listaxe aprobada por decreto desta Alcaldía 200/2021, de 18 de xuño, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 14 e 21 de abril de 2021 e publicadas no BOP nº 77, do 27 de abril de 2021.

Realizados os chamamentos para cubrir o posto de Auxiliar Administrativo para o programa temporal de reforzo de persoal administrativo adscrito aos servizos sociais, subvencionado pola Deputación provincial a través do Plan POS+ Adicional 1/2024, e logo de ver os escritos de renuncia presentados por distintos candidatos da listaxe e as escusas presentadas, que constan no correspondente expediente electrónico.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

De acordo cos criterios establecidos na base 13 da convocatoria para a formación e funcionamento desta bolsa de emprego, que literalmente di:

- Os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaren ao posto ou non presentasen a documentación en prazo, manifestando o seu interese de continuidade na listaxe, perderán o seu lugar na Bolsa, pasando a ocupar o último posto da Bolsa por un período dun ano. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados motivadamente pola Alcaldía, entre os que **non se incluírá o de estar traballando no momento do chamamento**, agás que sexa para o Concello.

- Se o aspirante ao que corresponda non puidera ser designado por algunha causa xustificada, motivadamente apreciada pola Alcaldía, conservará a súa orde na Bolsa. No caso contrario, será excluído dela.

- Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez nomeado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da Bolsa

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Excluír da listaxe aprobada por decreto desta Alcaldía 200/2021, de 18 de xuño, ás persoas aspirantes que responden ás iniciais M.C., A.J., F.A.,X.M., e D.G, J. pola súa renuncia expresa, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 14 e 21 de abril de 2021 e publicadas no BOP nº 77, do 27 de abril de 2021.

2.- Excluír da listaxe aprobada por decreto desta Alcaldía 200/2021, de 18 de xuño, ás persoas aspirantes que responden ás iniciais C.B.,I., P.O.,R., C.G.,T., R.B.,F., M.G.,L.A., e C.M.,J.J. por renunciar ao posto e non manifestar o seu interese en continuar na listaxe, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 14 e 21 de abril de 2021 e publicadas no BOP nº 77, do 27 de abril de 2021.

3.- Manter no seu posto da listaxe á persoa aspirante que responde ás iniciais G.P.,M. por alegar unha causa xustificada, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 14 e 21 de abril de 2021 e publicadas no BOP nº 77, do 27 de abril de 2021.

4.- Actualizar a listaxe aprobada por decreto desta Alcaldía 200/2021, de 18 de xuño, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 14 e 21 de abril de 2021 e publicadas no BOP nº 77, do 27 de abril de 2021, que quedará na seguinte orde, durante o período comprendido entre o 03/07/2024 e o 02/07/2025:

|     | SOLICITANTE                  | TOTAL |
|-----|------------------------------|-------|
| 1.  | GARCÍA PAZO MERCEDES         | 8,30  |
| 2.  | CALVO SOUTO, LAURA MARIA     | 5,55  |
| 3.  | ARIAS GONZÁLEZ ADOLFO ASER   | 9,90  |
| 4.  | MUÑIZ GARCÍA GRACIELA        | 9,65  |
| 5.  | CASCALLAR RIVAS SONIA MARÍA  | 9,15  |
| 6.  | VÁZQUEZ CADAVEIRA ELENA      | 8,90  |
| 7.  | FERREIRO MARZOA NOELIA       | 8,80  |
| 8.  | PITA LEONARDO JESÚS          | 8,55  |
| 9.  | AGROMARTÍN VÁZQUEZ NOELIA    | 8,35  |
| 10. | PALLAS RAMA RUTH             | 7,45  |
| 11. | IGLESIAS GONZÁLEZ SUSANA     | 7,35  |
| 12. | LÓPEZ GÓMEZ ELENA            | 7,25  |
| 13. | MACEIRAS GESTAL JESSICA      | 6,80  |
| 14. | SANJURJO RODRÍGUEZ ALEJANDRA | 6,75  |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

|     |                       |      |
|-----|-----------------------|------|
| 15. | RETORTILLO NOVO LAURA | 6,65 |
| 16. | RIBEIRA ARMAN JESÚS   | 5,85 |

5.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello de Monfero (TAE), como establecen as bases aprobadas e publicadas para regular a convocatoria, para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e ás demais interesadas, indicando que, contra este acordo, as persoas interesadas poderán facer uso da vía impugnatoria que consideren oportuna, conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas

O Alcalde,

Andrés Feal Varela